

# Plan Dixital

## Centro educativo

| Código   | Centro       | Concello | Ano Académico | Estado     |
|----------|--------------|----------|---------------|------------|
| 15023727 | EEI de Muros | Muros    | 2024/2025     | Finalizado |

## 1. Vixencia

| Vixencia                 | Data      |
|--------------------------|-----------|
| Curso inicio             | 2024/2025 |
| Curso fin                | 2024/2025 |
| Data de actualización    | 30/07/25  |
| Data aprobación consello | 10/10/24  |
| Data aprobación claustro | 10/10/24  |

## 2. Introducción

### XUSTIFICACIÓN DO PLAN DIXITAL EN RELACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

### CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DIXITAL E CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO EDUCATIVO

**Ubicación:** A escola de educación infantil de Muros está ubicada no concello de Muros ao carón da casa de cultura ( biblioteca municipal; CEMIT e teatro). Muros é unha localidade costeira Polas características do seu entorno e o seu relevo (praias-lagoa e monte) a converte nunha comarca moi interesante para o turismo que va en aumento cada ano que pasa. Polo que a actividade socioeconómica de la zona ; ademais da pesca empeza a destacar o turismo.

**Estrutura física:** O centro divídese en dúas plantas unidas por unha rampla. No 1º andar atópase a entrada principal (entrada de alumnado e familias). Nesta planta está unha aula e un pequeno despacho e os baños para o alumnado e profesorado. Na planta de abaixo atopamos 2 aulas unha adicada a AL e taller de cociña; unha aula de biblioteca. Tamén existen outros baños e un pequeno espacio onde se garda o material do patio exterior e o material das plantacións da horta.

**Familias:** As familias participan na dinámica da escolarización dos seus fillos, sempre están en contacto directo coa escola e co profesorado. Dende a ANPA participan en charlas e talleres.

**Alumnado:** Nesta escola non se incorporou nos últimos cursos alumnado estranxeiro. Non hai absentismo escolar, non obstante lévase un control e seguimento das faltas.

As novas tecnoloxías están presentes na sociedade polo que a nosa tarefa é integralas no día a día da educación; formando ao noso alumnado a conseguir un desenvolvemento integral en todos os seus ámbitos: cognitivo, afectivo e social.

Ademais este PD intentará apoiar algúns dos obxectivos que xa se viñan recollendo na programación TIC do noso centro. Algúns destes son:

- Facer partícipes ao noso alumnado dun obxecto cultural ao que dificilmente terán acceso por outras vías.
- Promover a incorporación das TIC á tarefa docente e aplicalas para conseguir os obxectivos propostos.
- Utilizar as tecnoloxías como medio para favorecer as súas posibilidades de aprendizaxe, a súa continua curiosidade, ou as respostas as súas preguntas.

- Incorporar as TIC para promover a capacidade de autonomía, á toma de decisións chegando a reducir de forma paulatina a dependencia do adulto.

O PD será tamén un instrumento eficaz para unha mellor atención a diversidade, atendendo as familias indistintamente se teñen ou non recursos e adaptando a nosa organización para dar respostas educativas as necesidades da poboación en xeral e ao alumnado en particular. Tamén axudará a fomentar a colaboración entre mestres; alumnado o intercambio de información e experiencias. A unha mellor comunicación e acceso a información. Facilitando e optimizando a práctica docente.

Co plan dixital trataremos de utilizar a ferramenta tecnolóxica do centro de forma máis optima e axeitada ao nivel de alumnado e mellorar a forma de comunicarnos co resto da comunidade educativa. Participación activa tanto do profesorado/ familias/ comunidade na contorna; fomentando a colaboración das familias para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos

Motivar e facilitar o traballo do equipo docente e lograr a súa implicación en distintos proxectos. Levar a cabo unha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos/as en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.

Por último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formación do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudo e estruturado de todos eles.

#### PROCESO DE ELABORACIÓN

No primeiro trimestre do curso 21-22 realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización. No comezo do segundo trimestre dese mesmo ano implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital. Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso. A súa realización axudou a ter unha temporalización organizada. No curso 22-23 implementouse o PD deseñado no curso 21-22. No curso 23-24 revisouse o documento e formuláronse novos obxectivos. Neste curso 24-25 revisamos o documento . reforzaranse os obxectivos anteriores e formularanse algúns novos

### 3. Contexto DAFO

#### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Para levar a cabo a elaboración deste Plan Dixital de Centro, púxose en marcha ao inicio do curso 21-22 un PFPP así como a creación do equipo de Dinamización do Plan Dixital. Realizáronse diversas sesións formativas das cales foron froito a posta en marcha do test SELFIE, test CDD, análise DAFO e táboas do Plan de acción. Todo o proceso culminou coa elaboración do Plan Dixital do noso centro.

Neste curso 24-25 seguimos a ter como referencia os resultados do test SELFIE e do test CDD do curso 21-22. Ademais, seguimos tamén analizando e intervindo no DAFO elaborado nese mesmo curso académico.

### 3.2. Análise interna

| DAFO       | Descrición                                                                                                                                                      | Categoría              | Obx. |
|------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|------|
| Debilidade | H10 O noso equipo directivo non garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias                                          | Alumnado               | Si   |
| Debilidade | H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais                                                                         | Alumnado               | Si   |
| Debilidade | H11 No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar                                                                                              | Alumnado               | Non  |
| Debilidade | H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais                                    | Alumnado               | Non  |
| Debilidade | C1 No noso centro a infraestrutura dixital non apoia totalmente o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais                                               | Infraestruturas        | Non  |
| Debilidade | C8 No noso centro non existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.                 | Infraestruturas        | Non  |
| Debilidade | C16 No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe                                               | Infraestruturas        | Non  |
| Debilidade | Equipo tecnolóxico insuficiente que limita o uso da tecnoloxía con apoio técnico insuficiente                                                                   | Infraestruturas        | Non  |
| Debilidade | Non existe nin web nin aula virtual                                                                                                                             | Infraestruturas        | Si   |
| Debilidade | C5 A asistencia técnica non está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais                                                     | Infraestruturas        | Si   |
| Debilidade | C10 No noso centro, non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.                       | Infraestruturas        | Non  |
| Debilidade | C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso ás tecnoloxías de apoio                                                       | Infraestruturas        | Non  |
| Debilidade | PEC 1.1 e PEC 2.1 O centro utiliza servizos dixitais educativos corporativos e o equipo directivo promove o uso de software libre.                              | Infraestruturas        | Non  |
| Debilidade | PEC 3.2 as formacións non se adaptan ás necesidades do profesorado. Descontento xeral coas propostas realizadas                                                 | Oferta                 | Non  |
| Debilidade | A5 No noso centro non se respectan totalmente os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe | Organización de centro | Non  |
| Debilidade | B2 No noso centro non comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais                                                   | Organización de centro | Non  |
| Debilidade | C13 No noso centro o alumnado non pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.                                            | Organización de centro | Non  |
| Debilidade | A3 Non conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar                                                                         | Organización de centro | Non  |
| Debilidade | A4 No noso centro non temos tempo para explorar como mellorar o noso método de ensino coas tecnoloxías dixitais                                                 | Organización de centro | Non  |
| Debilidade | B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías                                                                     | Organización de centro | Non  |
| Debilidade | B3 No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións                                                              | Organización de centro | Non  |

|            |                                                                                                                                                                                                               |                        |     |
|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|-----|
| Debilidade | B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais                                                                                            | Organización de centro | Non |
| Debilidade | C11 No noso centro non contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.      | Organización de centro | Non |
| Debilidade | C12 Na nosa escola, non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe Socioeconómica. | Organización de centro | Non |
| Debilidade | G7 O noso equipo directivo non nos axuda a utilizar as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación                                                                                                            | Organización de centro | Non |
| Debilidade | A1 No noso centro non temos unha estratexia dixital                                                                                                                                                           | Organización de centro | Non |
| Debilidade | A2 O noso equipo directivo non implica ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro                                                                                                      | Organización de centro | Non |
| Debilidade | G5 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe                                                                                                              | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | D1 O noso equipo directivo non reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais                                                                           | Persoal docente        | Si  |
| Debilidade | D3 O noso equipo directivo non nos axúda a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais                                                                               | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | F6 non fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais                                                                                                 | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | E2 Creo recursos dixitais para reforzar o meu método de ensino                                                                                                                                                | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | F3 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado                                                                                                                            | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | F5 non empregamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado                                                                                                                      | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | G10 non valoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo                                                                                                                | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | Competencias dixitais insuficientes.                                                                                                                                                                          | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | E2 Non creamos recursos dixitais para reforzar o noso método de ensino                                                                                                                                        | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | E6 non utilizamos recursos educativos abertos                                                                                                                                                                 | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | G1 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado                                                                                                                            | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | G2 Non empregamos as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.                                                                                                   | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | G6 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros                                                                            | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | G8 non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe                                                                                                               | Persoal docente        | Non |
| Debilidade | G9 non utilizamos datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe                                                                                                  | Persoal docente        | Non |

|            |                                                                                                                   |                 |     |
|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-----|
| Debilidade | Inseguridade xeral para a utilización de calquera tipo de tecnoloxía o que provoca un uso tardío das mesmas       | Persoal docente | Non |
| Debilidade | D2 Teño acceso a posibilidades de FPC en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais                 | Persoal docente | Non |
| Debilidade | E1 Busco recursos educativos dixitais en internet                                                                 | Persoal docente | Non |
| Debilidade | E3 Utilizamos ambientes virtuais de aprendizaxe co alumnado                                                       | Persoal docente | Non |
| Debilidade | E4 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo                         | Persoal docente | Non |
| Debilidade | F4 Levamos a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motive o alumnado                                        | Persoal docente | Non |
| Debilidade | PEC 1.2 participase en formacións individuais                                                                     | Persoal docente | Non |
| Debilidade | F1 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para adaptar o noso método de ensino ás necesidades individuais do alumnado | Persoal docente | Non |
| Debilidade | G1 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado                                | Persoal docente | Non |
| Fortaleza  | Familias moi participativas e moi boa comunicación                                                                | Familias        | Non |
| Fortaleza  | C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que podo utilizar no meu traballo como docente                        | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza  | C3 O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe                                           | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza  | C14 No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais               | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza  | Boa comunicación cos servizos                                                                                     | Infraestruturas | Non |

### 3.3. Análise externa

| DAFO         | Descrición                                                                                     | Categoría                | Obx. |
|--------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|------|
| Ameaza       | Escasa dotación de equipamento tecnolóxico.                                                    | Administración educativa | Non  |
| Ameaza       | C7 A lexislación vixente dificulta a nosa labor                                                | Lexislación              | Non  |
| Oportunidade | A administración educativa aposta pola modernización                                           | Administración educativa | Non  |
| Oportunidade | A administración financia o centro                                                             | Administración educativa | Non  |
| Oportunidade | Existe oferta formativa variada pero non axustada ás necesidades                               | Administración educativa | Non  |
| Oportunidade | A ANPA do noso centro é moi boa.                                                               | ANPA                     | Non  |
| Oportunidade | Boa situación económica da contorna                                                            | Contorna                 | Non  |
| Oportunidade | Moi boa relación co Concello que cede espazos físicos e personal                               | Contorna                 | Non  |
| Oportunidade | Moi boa relación con todos os servizos do Concello e da Xunta                                  | Contorna                 | Non  |
| Oportunidade | Moi boa relación coas familias                                                                 | Contorna                 | Non  |
| Oportunidade | Estabilidade laboral do persoal docente.                                                       | Lexislación              | Non  |
| Oportunidade | Boa relación coa Fundación Santiago Rey Fernandez/Latorre que financia actividades de natureza | Outras                   | Non  |
| Oportunidade | Boa relación con Centro de Día de maiores                                                      | Outras                   | Non  |
| Oportunidade | Asociación de mariscadoras                                                                     | Outras                   | Non  |
| Oportunidade | Boa relación coa parroquia que colabora divulgando o patrimonio                                | Outras                   | Non  |

### 3.4. Análise

Tras analizar os documentos de test SELFIE, test CDD no curso 21-22 elaborouse o DAFO. Unha nova revisión dese instrumento neste curso 24-25 pon en evidencia que no noso centro compre traballar os seguintes aspectos:

- O01PD - Formar ao profesorado en Polos Creativos - (Área D - Desenvolvemento Profesional Continuo)
- O02PD - Realizar o inventario do centro - (Área C - Infraestruturas e equipamentos)
- O03PD - Afondar non currículo TIC do alumnado de EI - (Área H - Competencia dixital do alumnado)

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

| Código | Obxectivo                                                                                  |
|--------|--------------------------------------------------------------------------------------------|
| O01PD  | Formar ao profesorado en Polos Creativos - (Área D - Desenvolvemento Profesional Continuo) |
| O02PD  | Realizar o inventario do centro - (Área C - Infraestruturas e equipamentos)                |
| O03PD  | Afondar non currículo TIC do alumnado de EI - (Área H - Competencia dixital do alumnado)   |
| O04PD  | Dinamizar as comunicacións coa contorna a través da web do centro                          |

#### 4.2. Datos do obxectivo O01PD

| Código | Estado       |
|--------|--------------|
| O01PD  | Parcialmente |

##### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - D1 O noso equipo directivo non reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais

##### 4.2.2. Indicadores

| Indicador                                                                            | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|---------------|
| Numero de formacións sobre materiais de Polos Creativos ás que asiste o profesorado. | 1             | 1                     |                       |                       |                       |               |

### 4.2.3. Accións

| Acción                                                         | Data máxima       | Temporalización   |
|----------------------------------------------------------------|-------------------|-------------------|
| AO1.1 Comunicar Interese de formación ao profesorado do centro | 18/10/2024        | setembro, outubro |
| <b>Responsables</b>                                            | Equipo directivo. |                   |
| <b>Destinatario</b>                                            | Profesorado       |                   |

| Revisión                                                                    | Data | Archivo |
|-----------------------------------------------------------------------------|------|---------|
| Valorouse a posibilidade de asistir a formación noutros centros da contorna |      |         |

| Acción                                                                                                                    | Data máxima      | Temporalización |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------|
| AO1.2 Contactar coa persoa asesora do CAFI para traslado das informacións e buscar posibles centros onde poder realizala. | 30/10/2024       | outubro         |
| <b>Responsables</b>                                                                                                       | Equipo directivo |                 |
| <b>Destinatario</b>                                                                                                       | CAFI             |                 |

| Revisión                                                                          | Data | Archivo |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------|---------|
| Xa contactamos co CAFI pero temos pendente de volver a falar no segundo trimestre |      |         |

| Acción                                                                                                                                 | Data máxima      | Temporalización             |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------------------|
| AO1.3. Coordinación coa persoa do centro que acollerá a formación para consulta das horas de docencia e calendario oficial das mesmas. | 30/11/2024       | outubro, decembro, novembro |
| <b>Responsables</b>                                                                                                                    | Equipo Directivo |                             |
| <b>Destinatario</b>                                                                                                                    | Profesorado      |                             |

| Acción                                                                         | Data máxima | Temporalización                                                |
|--------------------------------------------------------------------------------|-------------|----------------------------------------------------------------|
| AO1.4 Realización co alumnado dalgunha actividade das aprendidas na formación. | 21/06/2025  | xaneiro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro |
| <b>Responsables</b>                                                            | Profesorado |                                                                |
| <b>Destinatario</b>                                                            | Alumnado    |                                                                |

| Revisión                                                    | Data | Arquivo |
|-------------------------------------------------------------|------|---------|
| Pendente de realizar actividades cos novos robots           |      |         |
| Pendente traballo con materiais interactivos                |      |         |
| Realizamos actividades de circuitos con robots interactivos |      |         |

#### 4.3. Datos do obxectivo O02PD

| Código | Estado  |
|--------|---------|
| O02PD  | Acadado |

##### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - C5 A asistencia técnica non está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais

##### 4.3.2. Indicadores

| Indicador                                   | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---------------------------------------------|---------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|---------------|
| Porcentaxe de aulas inventariadas do centro | 60%           | 80%                   |                       |                       |                       |               |

#### 4.3.3. Accións

| Acción                                                                                                | Data máxima      | Temporalización                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|---------------------------------------|
| AO2.1 Continuación coa folia de cálculo de inventario para o centro cos campos necesarios a recoller. | 21/12/2024       | setembro, decembro, novembro, outubro |
| <b>Responsables</b>                                                                                   | Equipo Directivo |                                       |
| <b>Destinatario</b>                                                                                   | Consellería      |                                       |

| Acción                                                                         | Data máxima      | Temporalización |
|--------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------|
| AO2.2 Selección e formación do profesorado implicado no inventariado das aulas | 21/12/2024       | decembro        |
| <b>Responsables</b>                                                            | Equipo directivo |                 |
| <b>Destinatario</b>                                                            | Profesorado      |                 |

| Acción                                                  | Data máxima      | Temporalización |
|---------------------------------------------------------|------------------|-----------------|
| AO2.3 Elaborar un calendario de inventariado por aulas. | 21/12/2024       | decembro        |
| <b>Responsables</b>                                     | Equipo directivo |                 |
| <b>Destinatario</b>                                     | Profesorado      |                 |

| Acción                                                               | Data máxima              | Temporalización                       |
|----------------------------------------------------------------------|--------------------------|---------------------------------------|
| AO2.4 Realización do inventariado en base ao calendario establecido. | 31/05/2025               | xaneiro, maio, abril, marzo, febreiro |
| <b>Responsables</b>                                                  | Profesorado seleccionado |                                       |
| <b>Destinatario</b>                                                  | Profesorado              |                                       |

| Acción                                                              | Data máxima      | Temporalización |
|---------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------|
| AO2.5 Mecanizado dos datos revisados á folia de cálculo definitiva. | 21/06/2025       | xaneiro, xuño   |
| <b>Responsables</b>                                                 | Equipo directivo |                 |
| <b>Destinatario</b>                                                 | Consellería      |                 |

#### 4.4. Datos do obxectivo O03PD

| Código | Estado       |
|--------|--------------|
| O03PD  | Parcialmente |

#### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - H10 O noso equipo directivo non garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias

Debilidade - Alumnado - H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais

#### 4.4.2. Indicadores

| Indicador                                                                      | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|--------------------------------------------------------------------------------|---------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|---------------|
| Números de actividades vencelladas coas TIC realizadas ao longo do curso 23-24 | 10            | 10                    |                       |                       |                       |               |

#### 4.4.3. Accións

| Acción                                                        | Data máxima      | Temporalización                       |
|---------------------------------------------------------------|------------------|---------------------------------------|
| AO3.1 Diseñar un calendario anual de actividades TIC sinxelas | 21/12/2024       | setembro, decembro, novembro, outubro |
| <b>Responsables</b>                                           | Equipo directivo |                                       |
| <b>Destinatario</b>                                           | Alumnado         |                                       |

| Acción                                                                                         | Data máxima | Temporalización                             |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|---------------------------------------------|
| AO3.2 Realizar as sesións e recoller os contidos das actividades e datas nas que se realizaron | 21/06/2025  | xaneiro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro |
| <b>Responsables</b>                                                                            | Profesorado |                                             |
| <b>Destinatario</b>                                                                            | Alumnado    |                                             |

#### 4.5. Datos do obxectivo O04PD

| Código | Estado  |
|--------|---------|
| O04PD  | Acadado |

#### 4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - Non existe nin web nin aula virtual

#### 4.5.2. Indicadores

| Indicador                         | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|-----------------------------------|---------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|---------------|
| Número entradas publicadas na web | 5             | 10                    |                       |                       |                       |               |

#### 4.5.3. Accións

| Acción                                                     | Data máxima                  | Temporalización |
|------------------------------------------------------------|------------------------------|-----------------|
| Facer comunicacións de celebracións a través da páxina web | 30/06/2025                   |                 |
| Responsables                                               | Persoa responsable do centro |                 |
| Destinatario                                               | Comunidade educativa         |                 |

| Revisión                                                                                                  | Data | Arquivo |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|---------|
| Fixemos varias entradas na páxina web do centro con motivo de varias celebracións : samaín, agosto, nadal |      |         |

### 5. Seguimento

#### 5.1. Procedemento para o seguimento

No que se refire ao seguimento do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende a seguinte perspectiva:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 23-24. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Tamén se realizarán revisións periódicas coincidindo coas visitas da persoa mentora ao noso centro educativo.

#### 5.2. Primeiro trimestre

Neste primeiro trimestre non se realizou ningunha actividade de formación polo profesorado, intentará facerse no próximo trimestre.

Publicamos varias entradas na páxina web (agosto,nadal... ) seguiremos publicando cousas .....

Temos pendente publicar as fotos en Agueiro

#### 5.3. Segundo trimestre

Neste trimestre realizamos aprendizaxe para traballar con robots diferentes en Infantil.

Seguimos realizando entradas na páxina web.

Pendente de publicar fotos en Agueiro

#### 5.4. Terceiro trimestre

Publicamos varias entradas coas actividades máis destacadas deste trimestre.

Fixemos actividades TIC cos nenos/as con distintos xogos educativos e programas , así coma tamén nos iniciamos en actividades de robótica con distintos tipos de robots axeitados a súa idade.

En canto o profesorado participamos conxuntamente para aprender nocións básicas de traballo con robots.

Fixemos o inventario do centro.

### 6. Avaliación

#### 6.1. Procedemento para a avaliación

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 23-24. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 23-24. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

## 6.2. Valoración xeral

En xeral os obxectivos propostos fóronse cumprindo. Aínda que por falta de tempo e tamén dada a idade dos alumnos ( 3a 5 anos ) non se conseguiron grandes melloras , digamos que estaríamos en fase de acadalos a máximo nivel .

## 6.3. Propostas de mellora

Será necesario revisar os obxectivos para o vindeiro curso e seguir traballando cos nenos/as . Tamén se necesitaría máis formación e axuda personalizada ao profesorado

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo.

Plan Dixital do curso 22-23

Enlace ao Plan Dixital: [http://www.edu.xunta.gal/centros/eeimuros/?q=system/files/15023727\\_EEIdeMuros\\_PlanDixital\\_V1.0\\_09062022.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/eeimuros/?q=system/files/15023727_EEIdeMuros_PlanDixital_V1.0_09062022.pdf)

Plan Dixital curso 23-24

Enlace ao buscador de Plan Dixital [https://www.edu.xunta.gal/educalidad/PlansCentroConvAction-input.action?OWASP\\_CSRFTOKEN=HOME-CABI-7Q7I-5ISJ-KHA1-9CDL-9G05-4EHZ](https://www.edu.xunta.gal/educalidad/PlansCentroConvAction-input.action?OWASP_CSRFTOKEN=HOME-CABI-7Q7I-5ISJ-KHA1-9CDL-9G05-4EHZ)

• Instrucións: no desplegable de convocatoria escoller o "ano académico 2023-2024". No desplegable de plans escoller "Plan Dixital". No apartado de centro podemos escribir o nome do centro a buscar e seleccionamos. Prememos en "Buscar".

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

| Descrición                                                      | Arquivo                                          |
|-----------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| Test SELFIE EEI de Muros                                        | 15023727_EEI de Muros_SELFIE_291121_051221.pdf   |
| Resultados Test Competencia Dixital Docente (TCDD) EEI de Muros | 15023727_EEIMuros_16032022.pdf                   |
| Infraestruturas, equipamentos e necesidades da EEI de Muros     | EEI de Muros _Infraestruturas e equipamentos.pdf |
| Estratexia Dixital do centro 22-23                              | 0 ESTRATEXI DIXITAL EEI de Muros.pdf             |